

**APE GALICIA**

**Asociación Intersectorial e  
Interterritorial de Autónomos e  
Pequeñas Empresas de Galicia**

**BOLETÍN MAIO**

*BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA IMPLANTAR A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL (RSE), A IGUALDADE LABORAL E A CONCILIACIÓN LABORAL E PERSOAL, COFINANCIADAS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2017.*

*BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO NAS PEQUENAS EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2017 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR807I).*

*BASES REGULADORAS E ANUNCIO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS ENERXÉTICAS, IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE XESTIÓN E PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS EMPRESAS DOS SECTORES INDUSTRIAL E HOTELEIRO, PARA O ANO 2017 E 2018, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER-GALICIA 2014-2020 (CÓDIGO IN417Y).*

*REXISTRO DA XORNADA DIARIA*

**BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA IMPLANTAR A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL (RSE), A IGUALDADE LABORAL E A CONCILIACIÓN LABORAL E PERSOAL, COFINANCIADAS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2017.**

**Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axuda e incentivos a pemes e micropemes, incluídas persoas traballadoras autónomas, para a implantar sistemas de xestión de RSE, a igualdade laboral, así como para adoptar medidas de corresponsabilidade e de conciliación da vida familiar, persoal e laboral, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Liña I. Implantación da RSE (TR357B). Subvencionarase a obtención de certificacións ou de informes de verificación ou validación de códigos de conduta, normas ou estándares en materia de responsabilidade social empresarial, que poderán ser as que de seguido se relacionan ou equivalentes: Global Reporting Initiative (GRI); United Nations Global Compact (Pacto Mundial); ISO 19600, SGE 21, Global Accountability 1000 (AA 1000); EMAS, ISO 14000 (ambiente), OSHAS 18000 (seguridade e saúde laboral), Empresa familiarmente responsable-EFR (conciliación); SA 8000, IQNet SR10, BEQUAL (discapacidade).

Liña II. Implantación de plans de igualdade (TR357C). Subvencionarase a obtención de certificacións de plans de igualdade expedidos polo Servizo de Igualdade (anteriormente denominada Unidade Administrativa de Igualdade) da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Liña III. Conciliación da vida laboral, familiar e persoal (TR357D) que, pola súa vez, comprende tres subliñas:

Subliña III.1. Incentivos para fomento do teletraballo: incentivarase a adopción de acordos laborais de teletraballo.

Subliña III.2. Incentivos para o fomento da flexibilidade horaria: incentivarase a adopción de acordos laborais de flexibilidade horaria.

Subliña III.3. Subvencións para a adquisición de elementos tecnolóxicos que posibiliten o teletraballo.

### **Empresas beneficiarias**

As empresas solicitantes da liña I (RSE) poderán ser pemes, micropemes ou persoas traballadoras autónomas, con domicilio social e centro de traballo en Galicia, calquera que for a súa forma xurídica, e que estean validamente constituídas no momento de presentaren a solicitude de axuda.

As empresas solicitantes da liña II (igualdade) e III (conciliación) poderán ser pemes, micropemes ou persoas traballadoras autónomas con traballadores/as por conta allea, con domicilio social e centro de traballo en Galicia, calquera que for a súa forma xurídica, e que estean validamente constituídas no momento de presentaren a

solicitude de axudas, e deberán contar cun mínimo de 10 persoas traballadoras. Tamén poderán presentar solicitude as empresas con axencia, sucursal, delegación ou calquera outra representación en Galicia, que deberán ter contratado nesta Comunidade Autónoma un mínimo de 10 persoas.

### **Contía da axuda**

Liña I: Será o pagamento do 100 % dos custos que leve consigo o proceso de certificación ou verificación cun máximo de 2.500 € por empresa.

Liña II: Será o pagamento de 2.000 € por empresa que achegue a certificación da implantación do Plan de Igualdade.

Liña III:

Subliña 1: As axudas consistirán nun incentivo de 3.000 euros por persoa traballadora cun acordo de teletraballo, ben por adaptación do contrato que tiña na empresa ou ben pola realización dun novo contrato para unha persoa non vinculada á empresa, co límite máximo de 12.000 euros por empresa.

O incentivo incrementarase en 1.000 euros para aquelas empresas en que a taxa de ocupación feminina é polo menos igual á masculina.

Subliña 2: As axudas consistirán nun incentivo de 3.000 euros por persoa traballadora beneficiada, co límite máximo de 12.000 euros por empresa.

O incentivo incrementarase en 1.000 euros para aquelas empresas en que a taxa de ocupación feminina é polo menos igual á masculina.

Subliña 3: As axudas consistirán nunha subvención de ata o 80 % do investimento, e por unha soa vez, co tope de 1.500 euros por persoas traballadoras beneficiadas e co límite máximo de 5.000 euros por empresa.

A intensidade da axuda verase incrementada nun 10 % para aquelas empresas en que a taxa de ocupación feminina sexa, cando menos, igual á masculina.

### **Prazo de presentación da solicitude**

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

### **Referencia normativa:**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170503/AnuncioG0424-210417-0007\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170503/AnuncioG0424-210417-0007_gl.html)

## BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO NAS PEQUENAS EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2017 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR807I).

### **Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2017 do Programa de fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación, e proceder á súa convocatoria para o ano 2017.**

A finalidade do programa é xerar emprego estable para as persoas desempregadas, principalmente entre as mulleres; as persoas con discapacidade e en risco de exclusión social e as unidades familiares con todos os seus membros en situación de desemprego, apoiando e dinamizando o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, con especial atención aos concellos do rural galego, mediante os seguintes tipos de axuda:

- a) Subvención á xeración de emprego estable.
- b) Subvención para a formación.
- c) Subvención para o inicio da actividade.
- d) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.

#### **Entidades beneficiarias**

1. As empresas privadas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, agás as persoas físicas, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas e sociedades laborais, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para cada tipo de axuda e nas cales concorran, na data do seu inicio de actividade, as seguintes circunstancias:

- a) Que sexan empresas de nova creación.
- b) Que sexan viables técnica, económica e financeiramente.
- c) Que xeren emprego estable para persoas desempregadas.
- d) Que teñan o seu domicilio social, fiscal e o seu centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Que sexan promovidas, como máximo, por cinco persoas e que entre os socios ou as socias promotores non figure ningunha persoa xurídica.

f) Que a empresa teña un capital social máximo de 120.202 euros.

2. As empresas privadas que obtivesen a cualificación como iniciativa local de emprego (ILE).
3. As persoas promotoras para a axuda para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.

#### **Tipos de axuda**

O Programa de fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación inclúe os seguintes tipos de axudas:

- a) Subvención á xeración de emprego estable.
- b) Subvención para formación.
- c) Subvención para o inicio da actividade.
- d) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.

## Solicitudes e prazo de presentación

1. En relación coa presentación de solicitudes, as entidades beneficiarias ás cales vai dirixida esta orde de subvencións son as empresas, as iniciativas locais de emprego e as persoas promotoras para a axuda de conciliación. Todas elas, incluídas as persoas autónomas, exercen unha actividade económica e dispoñen de ferramentas informáticas cun coñecemento básico do seu funcionamento en calquera actividade comercial que realicen, polo que se considera que a presentación electrónica suporá un importante aforro de tempo e recursos materiais na súa tramitación, tanto para a persoa solicitante como para a propia Administración. Polo tanto, as solicitudes deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo xeral para a presentación de solicitudes das axudas deste programa finalizará o 31 de xullo de 2017.

3. Para garantir que os cidadáns que carecen de medios para relacionarse telematicamente coa Administración e, de

acordo co previsto no artigo 13.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poidan presentar no rexistro electrónico a solicitude referente a este procedemento, a persoa solicitante poderá contar, entre outros, coa asistencia efectiva da Rede de Técnicos de Emprego de Galicia da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

## Referencia normativa:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170523/AnuncioG0424-110517-0008\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170523/AnuncioG0424-110517-0008_gl.html)

BASES REGULADORAS E ANUNCIO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS ENERXÉTICAS, IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE XESTIÓN E PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS EMPRESAS DOS SECTORES INDUSTRIAL E HOTELEIRO, PARA O ANO 2017 E 2018, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER-GALICIA 2014-2020 (CÓDIGO IN417Y).

**O obxeto das subvención é a realización de auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas do sector industrial e hoteleiro.**

### **Beneficiarios**

a) As empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos que teñan domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia, incluídos no sector hoteleiro ou da industria. Para efectos desta resolución considerárase sector hoteleiro os servizos de aloxamento incluídos entre as clases 55.10 e 55.90 da CNAE 2009. Dentro do sector industrial serán subvencionables as empresas incluídas na sección B, C ou D da CNAE-2009, coa excepción da industria extractiva enerxética, as de refinación do petróleo e biocombustible, así como as empresas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica.

b) As empresas de servizos enerxéticos que xestionen total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía e que o obxecto destes contratos sexa a consecución de aforro económico derivado dun menor consumo de enerxía.

### **Actuacións que se subvencionan**

1. Poderán obter dereito a subvención todas aquelas actuacións descritas no artigo 5 destas bases que se executen dentro do territorio da Comunidade Autónoma e o prazo de execución dos proxectos subvencionables iniciárase unha vez que se

teña efectuado a solicitude de axuda ante esta entidade e rematará no prazo previsto no artigo 22.

2. O investimento mínimo para que a actuación sexa subvencionable debe ser de 10.000 euros por actuación, salvo no caso das auditorías enerxéticas, cuxo investimento mínimo será de 4.000 euros.

3. Cada empresa poderá presentar unha ou máis solicitudes. Cada solicitude conterá un único proxecto técnico, que pode constar de unha soa actuación ou de varias actuacións homoxéneas executadas nunha mesma localización e que se valorarán de xeito conxunto. Por exemplo, considéranse actuacións homoxéneas que deben conterse nunha única solicitude as seguintes:

– Todas as actuacións de iluminación que se realicen no centro de traballo.

– A renovación de varios equipamentos para o mesmo fin. Por exemplo, a instalación de dúas caldeiras para proceso aínda que estas non sexan iguais (ademais debe incluírse no mesmo proxecto calquera actuación relacionada que se efectúe na sala de

caldeiras, como pode ser a instalación dun economizador ou tanque de revaporización).

Considéranse actuacións non homoxéneas e que, por tanto, deben cursarse en solicitudes independentes, a combinación de proxectos independentes, por exemplo, a renovación dun compresor, a renovación dos equipamentos de iluminación, a renovación das caldeiras, a instalación de variadores de frecuencia en motores, unha instalación fotovoltaica...

### **Contía da axuda**

1. A contía da subvención será do 30 % do custo elixible da nova instalación, cun máximo de 200.000 euros por proxecto. No caso de axudas concedidas a pequenas e medianas empresas, a intensidade de axuda incrementárase en 10 puntos porcentuais, ata o 40 % do custo elixible.

2. No caso de axudas á elaboración de auditorías enerxéticas, a intensidade de axuda será do 50 % do custo elixible.

No caso de auditorías enerxéticas e de implantación de sistemas de xestión, o importe total das axudas de minimis concedidas a unha única empresa non excederá 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, de 100.000 euros cando se trate de empresas de transportes de mercadorías por estrada por

conta allea, de 30.000 euros para empresas do sector da pesca e da acuicultura, e de 15.000 euros para empresas do sector agrícola. No resto dos casos, a axuda máxima por empresa será de 1.000.000 euros

3. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

### **Forma e prazo de presentación**

O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia e rematará o 6 de xullo de 2017.

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, e na páxina web do Inega, [www.inega.gal](http://www.inega.gal). Xunto coa solicitude presentaranse, anexadas, copias dixitalizadas da documentación complementaria.

### **Normativa**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170524/AnuncioO3G1-160517-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170524/AnuncioO3G1-160517-0001_gl.html)

## REXISTRO DA XORNADA DIARIA

Fai un mes, informamos da sentenza do Tribunal Supremo, na cal o Alto Tribunal declaraba que a obriga de levar un rexistro da xornada só existe no caso de contratos a tempo parcial ou no caso de que se realicen horas extraordinarias, non existindo tal obriga se non se dan estas circunstancias.

Ao parecer a Inspección de Traballo non está conforme co criterio establecido polo Tribunal Supremo, xustificándose en que unha soa sentenza non crea xurisprudencia, polo cal tomaron a decisión de continuar

solicitando o rexistro da xornada a todas as empresas, realicen ou non horas extraordinarias.

Por isto, recomendamos a todos os asociados seguir levando o rexistro da xornada ata que o tribunal Supremo pronúnciese de novo, para evitar unha sanción, que nese caso habería que recurrir ata chegar, se fose necesario, ata os tribunais, nos cales, é de esperar, debería prevalecer o criterio establecido polo Tribunal Supremo.